

MISA CON NENOS

3 de decembro 2017

1º ADVENTOº-B

Evanxeo de Marcos 13, 33-37:

“Estade atentos, vén o Señor”.

Mensaxe: Busca a ESTRELA que oriente a túa vida.

Ponte EN VELA, ORA!



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Hoxe empezamos a celebrar con toda a Igrexa o tempo de Advento. O Advento é un tempo de renovación, de espera e preparación para a vinda de Xesús en Nadal. Ao longo destes catro domingos imos estar vixiantes, atentos, cos ollos moi abertos para que non se nos pase inadvertido pois hai outras luces, estrelas e agasallos que poden despistarnos. Virá o Señor, a estrela que nos guía, o Mesías, o Salvador. Preparémonos para iso.

Saúdo do Sacerdote: *A graza, a paz e o amor do noso Señor Xesucristo, a quen esperamos, estea con todos vós...*

(Colocamos nun lugar visible o cartel de Fano: “Estade en vela”, tamén poderíamos poñer o compás co primeiro pergamiño de Fano).



2. A COROA DE ADVENTO: Vela 1

Monitor: Comezamos o tempo de Advento. Imos prepararnos para o Nadal percorrendo un camiño de catro etapas ou semanas. Cada domingo imos acender un cirio da coroa de Advento, como sinal do esforzo que facemos por ir preparando a chegada de Xesús. Hoxe as lecturas invítannos a acender a vela da vixilancia, da oración. (*Acéndese o cirio 1 mentres se di esta oración.*)

Sacerdote: Pai, grazas porque realizas o soño máis desexado polos humanos: vas enviarnos ao mundo o mellor agasallo, o teu Fillo Xesús para salvarnos. Concédenos preparar, coa oración e as obras de amor, a celebración do Nacemento de Xesús.

Acendemos, Señor, esta luz na nosa primeira semana de Advento. Queremos levantarnos para esperarte preparados. Queremos estar espertos e vixiantes, porque

Ti tráenos a luz máis clara, a paz máis profunda e a alegría máis verdadeira. Ven, Señor Xesús!
Todos: Ven, Señor Xesús!



3. PERDÓN *Recoñecemos humildemente os nosos pecados.*

-Ti que un día viñeches a nós e naciches de María en Belén. *Señor, ten piedade.*

-Ti que vos prometiches que virás ao final dos tempos a buscarnos para levarnos a vivir contigo. *Cristo, ten piedade.*


-Ti que cada día te achegas a nós en cada persoa que pasa ao noso lado. *Señor, ten piedade.*

4. LECTURAS: INTRODUCCIÓN AO EVANXEO DE MARCOS:

(Antes das lecturas podemos facer a procesión solemne co Leccionario).

Monitor: Hoxe comezamos o Ciclo B. Durante todo un ano o evanxeo dominical tomarémolo do Libro de S. Marcos. Marcos era curmán de Bernabé e traballou con Paulo e Pedro. Escribiu o 2º Evanxeo entre os anos 64 e 70 para cristiáns que procedían do paganismo, seguramente cidadáns romanos, que descoñecían os costumes xudeus, e que vivían nun clima de persecución.

Marcos destaca o tema da Paixón, chegouse ata a dicir que este evanxeo non é máis que unha historia da Paixón ampliada. Dedicamos tamén Marcos unha atención



especial aos discípulos de Xesús e aplica a Xesús unha variedade de títulos.: Fillo do Home, Fillo de David, Cristo, Señor... e sobre todo Fillo de Deus. Representábase a este evanxelista cun león alado porque resalta a divindade de Xesús.

Pidamos pois que sexamos campos fértiles onde o Evanxeo produza abundante colleita de vida evanxélica.

Sacerdote: *Pedímosche, oh Pai bo, que dispoñas o noso corazón á escoita da túa Palabra. Axúdanos a recibila e a gardala no corazón. Axúdanos a cultivala e a facela xermolar. Fainos terreo fértil e rico en boas obras.*

4. PETICIÓNS

Ao comezar este tempo de Advento, unímonos en oración ante Ti, Señor, para orarte. Digamos:

-Ven, que te esperamos, Señor.

1. Queremos ser os teus seguidores, os vixías que avisen da túa chegada á humanidade. **Oremos.**
2. Queremos ser persoas de esperanza porque confiamos en ti. **Oremos.**
3. Queremos neste Advento renovar a nosa vida, acoller a túa Palabra. **Oremos.**
4. Queremos estar en vela, atentos á túa vinda, orando sempre. **Oremos.**
5. Queremos descubrirete no rostro do irmán, do que me necesita. **Oremos.**
6. Queremos recuperar a ilusión, o compromiso, a fe profunda. **Oremos.**

5. OFRENDAS

-UNHA CHAVE (*debuxar unha chave para cada neno co mango en forma de corazón*): En Nadal o Señor vén á nosa casa, ao noso corazón, por iso regalámoslle a chave para que poida entrar sen ter que chamar.

-CARTEL DE ADVENTO (*cartel de Advento cunha frase*): Comezamos o tempo de Advento. Neste cartel queremos ofrecerche unha súplica: “Ven, Señor, Xesús”. Con el queremos expresar o noso desexo de que sigas vindo á nosa vida e nos atopes ben preparados.

-ESPERTADOR: Ao ofrecerche este espertador manifestamos o noso compromiso de estar pendentes da túa chegada, pendentes sobre todo a través da oración persoal, familiar e comunitaria que todos melloramos, nestas catro semanas de Advento, en cantidade e calidade. Facemos un compromiso hoxe de coidar en Advento tres cousas: a oración, preparar a campaña de Nadal de Cáritas (cun xesto de compartir) e prepararnos para a celebración penitencial de Nadal.

-PAN E VIÑO: Ofrecémosche Señor, este pan e este viño que se converterán no teu Corpo e no teu Sangue e neles quedaraste connosco para sempre.



6. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Advento 1º B

VIDEOS DE ADVENTO

- Chegaches ti, Luís Guitarra canción: http://www.youtube.com/watch?v=l_ko6cNt1Vg
- Onde vas Xosé, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=SHC-TRvrF2Q>
- A historia de Advento: <https://www.youtube.com/watch?v=97AW7oT80xc>
- Canción de Advento: <https://www.youtube.com/watch?v=EEmPVg1YDX0>
- Advento, canción con xestos: <https://www.youtube.com/watch?v=D-N7cY4Cq7Q>
- Explicación do Advento para nenos: <https://www.youtube.com/watch?v=wxdqzFWHqsY>

ADVENTO 1º-B

- Velade, evanxeo, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=KUnUDtPz9vM>
- Debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=oi0mmtTYxvM>
- Estade en vela, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=LIADf4pyKT4>
- Lánzate xa, vídeo reflexión:
<http://www.youtube.com/watch?v=n3RMN5Tykok&list=UUUpXM9aeGr1dAVvISX9VFdQ#t=138>
- Hai algunha esperanza?: https://www.youtube.com/watch?v=6E77hUZ_zGU

7. SUXESTIÓNS

- Á saída da misa dos domingos de Advento pódese ofrecer, en recortable, as diferentes partes que constitúen un BELEN: o 1º domingo a cova, o 2º San Xosé e a Virxe, o 3º A estrela “mula e boi”- e o 4º O Neno

Xesús. Logo, cada un en familia, tratará de colorealos. O día 25 poden traelos todos á misa de Nadal.

- Facemos a coroa de Advento coas 4 velas.
- Seguindo o debuxo de Fano facemos un compás-estrela co seu primeiro ronsel que cravamos con chinchetas e a veliña do 1º domingo. Ao compás poñémoslle unha frecha móbil e neste domingo dirixímolos ao oeste, onde se pon o sol... De aí vén a escuridade, pero nós estamos en vela ante a Luz que chegará.

